

# ENCONTRO de EXPERIENCIAS ao redor da SOBERANÍA ALIMENTARIA na COMPRA PÚBLICA de ALIMENTOS



**X 1 ALIMENTACIÓN  
SA, ACHEGADA E XUSTA**

Se desexas máis información, chama aos  
teléfonos 981 588 532 ou 699 924 635

**Por unha alimentación sa,  
por un rural vivo,  
polo medio ambiente  
e a biodiversidade,  
por unhas relacións  
comerciais máis xustas**

**8 novembro // de 16:00 a 20:00 h**  
Centro de Interpretación Ambiental  
Parque de Belvís.  
R/ Camiño da Ameixaga s/n  
Compostela

**[vsf.org.es/cortocircuito](http://vsf.org.es/cortocircuito)**

Organizan:



Financia:



Colabora:





### De que vai este experiencia?

Esta xornada á que te convidamos está encadrada na campaña “Curtocircuíto”, que está sendo desenvolvida por Veterinarios sen Fronteiras-Xustiza Alimentaria Global (VSF) en todo o Estado español, coa colaboración do Sindicato Labrego Galego na Galiza. En Compostela, comezaremos presentando a guía de VSF “*Compra pública en sistemas alimentarios globais. Impactos sociais, ambientais e económicos*”. Será un punto de partida para crear un foro de debate e intercambio de experiencias entre labregos e labregas e axentes implicados na compra pública de produtos alimentarios como asociacións de pais e nais, concellos, bancos de alimentos, hospitais, universidades, etc.

### Para que?

A partir de experiencias reais de compra pública de alimentos que xa están funcionando na Galiza, e outras novas que poñamos en marcha, podemos avanzar cara a unha alimentación máis sa e de calidade e contribuír ao sostemento do noso medio rural e das economías locais, ao tempo que apoiamos ás explotacións agrícolas de cada comarca. Para iso, é preciso traballar para que as administracións públicas aposten por mercar directamente os alimentos ás familias labregas que os producen en cada localidade.

Para afondar nisto, podes consultar

<http://vsf.org.es/cortocircuito>

Se estás interesado ou interesada en participar nesta actividade, só tes que inscribirte enviando os teus datos persoais (nome e apelidos, teléfono e correo electrónico) ao seguinte enderezo

[compostela@sindicatolabrego.com](mailto:compostela@sindicatolabrego.com)

ou chamando aos teléfonos

**981 588 532** ou **699 924 635**

**AGARDÁMOSTE!**



Por unha  
alimentación  
sa, achegada  
e xusta



# GUÍA

para participar no Encontro de experiencias ao redor da soberanía alimentaria na compra pública de alimentos

**Data:** 8 de novembro de 2013

**Horario:** de 16:00 a 20:00 horas

**Lugar:** Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC)



Parque de Belvís. Camiño da Ameixaga s/n

Ante calquera dúbida ou consulta,  
podes chamar aos teléfonos **981 588 532** ou **699 924 635**